

SISTEMA BANCARIO CUBANO: ANTECEDENTES E SITUACIÓN ACTUAL

ALEIDA GONZÁLEZ-CUETO LONGRES
Departamento de Ciencias Empresariais
Facultade de Economía
Universidade da Habana

Recibido: 15 maio 1996
Aceptado: 10 xullo 1996

Resumo: O artigo analiza o xurdimento do sistema bancario en Cuba e as súas funcións iniciais, así como os feitos do contorno económico que provocaron o seu desenvolvemento. Explicanse brevemente os principais cambios ocorridos e a situación na que se atopa no momento actual, como parte integrante da reestructuración da economía cubana. Realízanse algunhas consideracións sobre a política seguida co tipo de cambio da moeda cubana e as súas posibles perspectivas.

Palabras Clave: Lexislación bancaria; Sistema bancario; Reestructuración bancaria; Reforma económica en Cuba; Tipo de cambio.

CUBAN BANKING SYSTEM: HISTORIC BACKGROUND AND PRESENT SITUATION

Summary: This paper discusses the birth of Cuban banking system, its first functions, as well as the facts of the economical environment that sparked off its development. Both the main changes and the present situation as a part of the restructuring of Cuban economy are explained. Some considerations are made about the policy followed in the case of the exchange rate of Cuban currency and its possible prospects.

Keywords: Banking legislation; Banking system; Banking restructuring; Economic reform in Cuba; Exchange rate.

INTRODUCCIÓN

O proceso de xurdimento, evolución e situación actual do sistema bancario cubano é un fenómeno que necesariamente debe coñecer calquera profesional que queira comprende-lo proceso de reestructuración económica que se está desenvolvendo en Cuba, tanto se os seus fins son académicos como de negocios. Precisamente é ese o obxectivo deste artigo e, aínda que as limitacións de espazo non permitan trata-lo tema en toda a extensión que se merece, tentarei dar elementos para que o lector coñeza os aspectos fundamentais dese proceso.

Na actualidade, o sistema financeiro cubano non se caracteriza por un gran desenvolvemento, senón polo complicado proceso de transformación no que se atopa, o que lle permitirá axustarse e, á súa vez, propicia-los cambios que se están producindo na realidade económica cubana de hoxe.

Das institucións financeiras bancarias, o Banco Nacional de Cuba (BNC) é o organismo rector do sistema bancario nacional; o Banco Popular de Aforro (BPA) é un banco estatal dedicado fundamentalmente ó aforro e outros servizos á poboación; o Banco Financeiro Internacional (BFI) e o Banco Internacional de Comercio S.A. (BICSA) actúan como bancos comerciais privados, baixo licenza do BNC. O

resto das institucións financeiras bancarias son as once oficinas de representación de bancos estranxeiros que ata o momento existen en Cuba.

O sistema financeiro non bancario está formado por só dúas institucións: a Empresa de Seguro Estatal Nacional (ESEN) e a Empresa de Seguro Internacional de Cuba (ESICUBA).

ANTECEDENTES

A orixe do sistema bancario cubano remite á primeira metade do século XIX, aínda que non é ata o século XX (23 de decembro de 1948) cando foi creado o Banco Nacional de Cuba (Lei 13) como banco central do Estado con autonomía orgánica, personalidade independente e patrimonio propio, característica que se mantén na actualidade. Comezou a operar o 27 de abril de 1950, baixo os seguintes obxectivos principais:

- 1) Reforza-la solidez dos demais bancos e protexelos contra os efectos das fluctuacións bruscas na economía do país.
- 2) Adapta-la magnitude do crédito e da circulación monetaria ás necesidades da produción e do comercio.
- 3) Atenua-los efectos das fluctuacións do comercio exterior.
- 4) Mante-la estabilidade da moeda.
- 5) Promove-lo fomento da produción

Ó BNC atribuíronselle as funcións propias dun banco nacional de emisión e desconto, rexíndose polas disposicións e *status* que se aprobaron ó efecto. Fundamentouse a súa creación para centraliza-las reservas, vixiar e regula-lo crédito, crear e retirar medios de pagamento, actuar como axente financeiro do fondo de estabilización da moeda e cooperar con este na política de cambio da nación; servir como conselleiro económico do Estado, exerce-la fiscalización da banca privada e outras operacións asignadas por lei; establece-la política de troco, anticipo e redesconto, compra e venda de valores no mercado e actuar como Cámara de Compensación.

O capital autorizado foi de 10 millóns de pesos, cifra considerable naquel momento, que estaba representado por cen mil accións nominativas de cen pesos cada unha, das que a metade máis unha serían subscritas polo Estado e o resto por bancos privados que operaban no país.

En 1951 créase a Cámara de Compensación, como departamento do BNC, co obxectivo de compensa-los cheques entre os bancos asociados. Funcionaba sobre a base do saldo da reserva de cada banco no BNC.

En 1950 créase mediante a Ley 5 o BENFAIC (Banco de Fomento Agroindustrial de Cuba), que tiña como fin unifica-la política nacional de fomento da produción e facilita-lo financiamento daquelas industrias que obtiñan a súa materia

prima da nosa agricultura, así como desenvolve-lo crédito no sector campesiño mediante a creación de asociacións de crédito rural.

Co obxectivo de responder a unha política expansionista levada a cabo polo Estado, en canto ó redescuento inmediato e fácil dos créditos que outorgaba o BNC e cunha participación activa destes, foron creados unha serie de organismos paraestatais:

- *Fondo de Seguros de Depósitos Bancarios*: Xorde en 1952 e tiña o obxectivo de asegurar-los depósitos bancarios en favor e beneficio dos depositantes dos bancos accionistas do BNC.
- *Financeira Nacional S.A.*: Xorde en 1953 co obxectivo de realizar obras públicas con fondos obtidos de diversas fontes, incluíndo privadas.
- *Fondo de Hipotecas Aseguradas*: Nace en 1953 como unha división do BENFAIC, constituíndose en 1955 como unha institución autónoma do Estado. A súa función era estimular a construción de vivendas e edificios, emisión de bonos inmobiliarios e adquisición dos bens que se estimaran procedentes.
- *Banco Cubano de Comercio Exterior*: Créase en 1954 para facilitar-los medios financeiros necesarios para o fomento, mantemento e desenvolvemento do comercio exterior no país e complementaba a acción particular cando esta resultaba insuficiente.
- *Banco de Desenvolvemento Económico Social (BANDES)*: Creado en 1955, as súas funcións eran de banco central para a realización de operacións con valores emitidos por entidades públicas ou privadas, coa finalidade de financiar proxectos de desenvolvemento económico e social de diversificación da produción.

A partir de 1959, ano no que triunfa a Revolución, formuláronse un conxunto de medidas encamiñadas a renegocia-las débedas que afectaban ós activos internacionais por parte do BNC. En 1960 incorpórase o BENFAIC ó Instituto Nacional de Reforma Agraria (INRA), creándose a eses efectos o Departamento de Crédito Agrícola e Industrial (DECAI), que pasou tamén a administra-los bens e dereitos do BANDES, extinguíndose este último.

Tamén nese ano se extinguiu a Financeira Nacional de Cuba, autorizándosele ó presidente do BNC a liquida-los seus activos e pasivos. En setembro nacionalízanse os bancos norteamericanos First National City Bank e The Chase Manhattan Bank e, en outubro, as corenta e catro entidades bancarias que existían no país, disolveuse o Fondo de Hipotecas Aseguradas, o Fondo de Seguro de Depósitos Bancarios e o Fondo de Estabilización da Moeda. Continuaron operando o Banco para o Comercio Exterior e o DECAI.

Nese mesmo ano, Cuba non acepta o seu ingreso no Banco Interamericano de Desenvolvemento (BID). Retírase do BIRF e en 1964 do FMI debido ás posicións que dentro deles asumiron a meirande parte dos países capitalistas desenvolvidos, derivadas do bloqueo imposto a Cuba polos EE.UU.

En 1961 establécese a concentración das funcións financeiras no BNC: regulación do crédito público e privado e todo tipo de operacións bancarias. Ademais de atribuírselle a soberanía monetaria da nación, o monopolio da emisión, a centralización dos recursos monetarios temporalmente dispoñibles dos organismos, as empresas e a poboación, encomendóuselle o exercicio do crédito a curto e longo prazo e a fiscalización do financiamento dos investimentos de capital, así como as operacións co exterior, dándolle a custodia das reservas monetarias e de divisas e facéndoo centro único de axustes e pagamentos do país, o que permitiría desenvolver-las empresas estatais (públicas) e cooperativas, efectua-la fiscalización e o control monetario dos plans económicos e financeiros e implantar gradual e progresivamente a planificación do crédito e da circulación monetaria.

O 4 de agosto de 1961 mediante a Lei 963, establécese o troco de moeda, posto que os billetes que se atopaban en circulación se imprimían en empresas estranxeiras que estaban fóra do control efectivo da dirección do país. Deu como resultado a eliminación de cincocentos millóns de pesos que estaban en poder de grupos contrarrevolucionarios no estranxeiro.

En abril de 1966 (Leis 1.187 e 1.188) definíronse as novas funcións do BNC, como Banco do Estado e extínguese o Ministerio de Facenda.

Nese ano ocorren cambios no sistema de dirección da economía, que lle imprimen características especiais ás finanzas e ó BNC, quedando este último como único organismo financeiro do país, encargado da execución do control do Plan anual da economía, con personalidade xurídica e patrimonio propios; e, en consecuencia, non respondería ás obrigas do Estado, organismos e empresas, agás que as asumira expresamente. Ás funcións de banco central se lle agregaron outras actividades inherentes á banca comercial e de operacións coa poboación, creándose de feito un sistema bancario único e integral, que constituíu unha particularidade en Cuba. Entre as súas funcións estaban:

- Custodia-los recursos financeiros do Estado.
- Ó seren asumidas polo BNC a meirande parte das funcións do Ministerio de Facenda, correspondeulle a tesourería do Estado, actuando como administrador dos fondos estatais asignados no Plan financeiro anual.
- Outorgar préstamos ó sector privado.
- O crédito a curto prazo dirixiuse principalmente ó pequeno agricultor.
- Brindarlle ó goberno a información relativa á circulación monetaria.

Produciuse unha redución significativa da circulación monetaria, debido á práctica de reflecti-los fluxos mercantís a través de compensacións internas, como consecuencia de considera-la meirande parte do sector estatal como se fose unha grande e única empresa no seu conxunto. O BNC comezou a funcionar neste sentido como a caixa dunha inmensa empresa, derivado do cambio na política económica, que se orixinou neses anos, a partir da asimilación do sistema de economía

centralizada dos países de Europa oriental, e que pode observarse nas seguintes medidas adoptadas:

- Creación dun novo sistema de rexistro económico, que excluía as relacións mercantís e os cobramentos e pagamentos entre entidades estatais.
- As materias primas e os produtos asignados nos plans anuais de abastecemento técnico-material transferíanse entre entidades mediante unha simple notificación interna. A produción final tiña igual tratamento.
- Controlouse a forza de traballo mediante un mecanismo laboral centralizado.
- As finanzas foron organizadas a través da rede bancaria utilizando a súa estrutura en forma paralela para este propósito e administrando centralmente todo o sistema.
- A maioría do financiamento necesario para executar os investimentos que tiveron lugar no país durante eses anos foi realizado directamente polo Estado, ben por medio dos recursos derivados do seu ingreso neto ou ben polos obtidos a través de créditos interestatais. Ámbolos dous tipos de recursos se contabilizan por separado e non se relacionaban cos propios do BNC nin coas operacións de créditos internacionais.
- As operacións relacionadas co comercio exterior non se viron afectados polos métodos adoptados internamente.

En 1975, ano no que Cuba comeza a confrontar serias dificultades cos seus créditos internacionais, confírenlle ó BNC as facultades legais precisas para cumprilas súas funcións no tocante tanto ó financiamento da actividade económica e dos servicios como ás financeiras internacionais, do orzamento estatal, de prezos e seguros. Entre elas destacan:

- Emitir-lo diñeiro e a moeda, centralizando a posesión de ouro e divisas do país e fixando o tipo de cambio do peso cubano.
- Outorgar e obter crédito en moeda estranxeira, agás nos casos nos que participe o Estado cubano, centralizando e controlando os ingresos, gastos e liquidacións, tanto internos coma externos.
- Regular e centraliza-lo sistema de pagamentos do país, rexistrando as operacións de caixa do orzamento estatal, recibindo e mantendo os recursos financeiros do Estado e os depósitos dos organismos estatais, empresas, cooperativas e a poboación.
- Participar na elaboración dos plans da economía nacional e confecciona-los seus balances financeiros.
- Outorga-los recursos financeiros que resultaran necesarios a organismos e empresas mediante asignacións presupostarias ou préstamos.
- Outorgar créditos ó sector estatal, cooperativo, privado e á poboación, establecendo as normas e procedementos que os regulen.

- Regula-la circulación monetaria e establece-las medidas necesarias para o seu axeitado control.
- Promover e atende-lo aforro da poboación.
- Establecer taxas de xuros e servicios que correspondan ás funcións que realice.
- Establecer e propoñe-la política sobre o financiamento dos plans de investimentos.
- Participar e asesorar na concertación de acordos financeiros intergubernamentais.
- Centraliza-las relacións cos organismos financeiros e institucións crediticias que actúan no ámbito internacional.
- Organizar, normar e fiscaliza-los procedementos que regulan a elaboración e execución do orzamento estatal.
- Participar nos estudos sobre prezos e, en xeral, no tocante á vinculación daqueles cos ingresos ó presuposto.
- Elaborar, propoñer e executa-la política e plans de seguros no ámbito nacional e supervisar estas actividades no campo internacional.

Estableceuse que o capital do banco fose de 200 millóns, un 50% máis co do ano 1966, incremento proporcionado integramente polo Estado cubano para permitir que se puidesen realiza-las novas funcións asignadas. Non obstante, moitas delas cumpríronse só formalmente ou con determinadas peculiaridades, debido ó modelo económico que se seguiu neses anos, no que nin as taxas de cambio nin os tipos de xuros constituían instrumentos de política económica. Por exemplo, as taxas de xuro son aprobadas polo Consello de Ministros e non polo BNC, e só vinte anos máis tarde é cando se empeza a estudia-la definición e implantación da taxa de xuro interbancaria.

En 1976 emitíuse a Lei 1.323 que lexislou a creación dos Comités Estatais, entre os que se atoparon o de Finanzas (CEF) e o de Prezos (CEP), deixando o BNC desta forma de ter ó seu cargo o relacionado coa política orzamentaria, fiscal e de prezos, que nunca exerceu na práctica. A devandita lei ratificou as restantes funcións do BNC e incorporou outras derivadas da implantación do novo Sistema de dirección e planificación da economía (SDPE), que foron:

- Prepara-lo plan de crédito a curto prazo, someténdoo á aprobación do Consello de Ministros.
- Executa-lo control monetario do cumprimento dos plans de produción e vendas, das finanzas, da rendibilidade e a disciplina relacionada co sistema de cobramentos e pagamentos por parte das empresas.
- Planificar e controla-la circulación monetaria por medio do Plan de caixa.
- Mante-las relacións crediticias co sector cooperativo e os pequenos agricultores sobre a base da reintegrabilidade e pagamento de réditos.

Todo iso foi adoptado dadas as novas esixencias da economía. No ano 1979 o país deixou de captar créditos a medio e longo prazo, que foron conxelados como consecuencia da débeda externa.

En abril de 1983, emítese o Decreto-lei 63 que estableceu as novas atribucións e funcións de cada organismo, derogándose a lei de 1976. Establécense, daquela, as funcións que lle corresponden ó BNC como "banco".

En maio de 1983 foi creado o Banco Popular de Aforro, como parte do sistema bancario nacional, dada a necesidade de crear un banco especializado en materia de aforro monetario para a poboación e respondendo á estrutura que tiñan os países membros do CAME, ó que pertencía Cuba. Entre as súas funcións destacan:

- 1) Elaborar e propoñe-la política e os plans de aforro para a poboación, asumindo a súa dirección e execución unha vez aprobados.
- 2) Participar co BNC na elaboración do plan de créditos para a poboación e o plan de caixa.
- 3) Dicta-los regulamentos dos plans de aforro e créditos para a poboación.
- 4) Pagar e cobrar réditos polas contas de aforro e créditos persoais, respectivamente, conforme ós tipos que aprrobe o Consello de Ministros.
- 5) Realizar cobramentos e pagamentos da poboación relacionados cos organismos, unidades presupostadas, empresas estatais, organizacións sociais e de masas, asociacións e calquera outra entidade.
- 6) Executar pagamentos á poboación por indemnizacións, compra de activos ou calquera outro concepto no que o Estado resulte debedor.
- 7) Realizar cobramentos e pagamentos entre a poboación.
- 8) Cobra-los impostos, taxas e contribucións que graven á poboación.
- 9) Fixar e cobra-las taxas polos servicios que preste.
- 10) Prestar servicios a empresas estatais e unidades orzamentadas, logo do convenio co BNC.
- 11) Recibir en depósito e administrar bonos e outros valores nacionais ou estranxeiros, así como atende-lo seu servico.
- 12) Obter crédito en moeda estranxeira mediante emisións de bonos e outros valores, así como en xeral, realizando toda clase de operacións bancarias, activas e pasivas, con bancos ou outras institucións doutros países, coa aprobación do BNC.
- 13) Participar en asociacións internacionais de bancos e caixas de aforro, trala autorización do Consello de Ministros.
- 14) Planificar, organizar e administra-la rede de axencias de poboación e caixas de aforro.

En síntese, este tipo de banco responde ós intereses do BNC a partir da utilización dos aforros da poboación nas súas operacións bancarias e realizar ademais as súas funcións específicas.

A creación do sistema bancario e a situación financeira que afrontaba o país fixo necesario regula-lo devandito sistema mediante o Decreto-lei 84, que rexe ata os nosos días.

Este decreto-lei derogou a Lei 1.289 de 1975 e estableceu un sistema integrado polo BNC, o Banco Popular de Aforro, outros bancos estatais que poidan crearse e os bancos non estatais ós que o BNC lles outorgue a licencia para realizar operacións bancarias vinculadas fundamentalmente coas relacións monetarias crediticias internacionais.

As funcións principais do sistema bancario cubano, enunciadas no devandito decreto-lei, son tres:

- 1) Control monetario da actividade económica.
- 2) Centralización e control das operacións monetario-crediticias internacionais.
- 3) Promoción do aforro e a prestación dos servizos cada vez máis eficientes á poboación.

Hai que sinalar que, co obxectivo de incrementa-la eficiencia do BNC nas súas funcións internacionais, se crea en 1972 na praza financeira de Londres, o Havana International Bank (HAVINT), que opera como banco comercial inglés co 100% de capital cubano e correspondentes en máis de cen países que inclúen representacións en Zurich, Toquio, Panamá e España.

O 17 de outubro de 1974, o BNC outorgoulle licencia de operacións ó Banco Financeiro Internacional S.A. (BFI), que lle permite realizar todo tipo de transaccións co exterior, fundamentalmente en moeda libremente convertible, agás aquelas que exclúe a licencia.

O outro compoñente do sistema financeiro cubano, as institucións financeiras non bancarias, non tivo unha participación activa nos últimos trinta e seis anos. As entidades de seguro cumpriron a súa función de aseguradoras cabalmente, pero non tiveron definida a función financeira entre os seus obxectivos, debido a que os investimentos se facían centralizadamente polo Estado.

SISTEMA BANCARIO ACTUAL. CARACTERÍSTICAS

O Banco Nacional de Cuba continúa sendo o organismo rector do sistema bancario nacional, sendo as medidas e disposicións que dicta de obrigado cumprimento para os organismos, entidades, órganos e entidades económicas estatais e organizacións e asociacións económicas ou doutro carácter, cooperativas, sector privado, poboación, resto dos bancos do sistema nacional bancario.

Posúe autonomía orgánica, personalidade xurídica independente e patrimonio propio, non responde ás obrigas do Estado, organismos ou outras entidades económicas, agás no caso de que sexan asumidas por el.

O Decreto-lei 84 de 13 de outubro de 1984 establece as funcións do Banco Nacional de Cuba como banco central, comercial e de desenvolvemento, así como rector do sistema bancario nacional. Principalmente, son as seguintes:

• *Nacionais:*

- 1) Regula-lo sistema bancario nacional.
- 2) Dicta-las normas para a planificación do crédito, o seu outorgamento, control e amortización.
- 3) Fixa-los límites de efectivo que poderían mante-las sucursais do crédito e dicta-las normas para regular este aspecto nos demais bancos do sistema.
- 4) Conceder créditos a curto, medio e longo prazo para o financiamento de investimentos, analizando previamente a avaliación da súa factibilidade económica.

• *Internacionais:*

- 1) Mercar e vender valores denominados en moeda estranxeira.
- 2) Autoriza-la exportación de moeda estranxeira ou outros documentos de créditos denominados en moeda estranxeira, así como de metais e pedras preciosas.
- 3) Dicta-las normas que regulan as operacións internacionais que impliquen movementos de diñeiro ou a súa representación, fiscalizando esas operacións.
- 4) Fixa-lo tipo de cambio do peso cubano en relación con outras moedas.

O BNC dispón de capital propio, que ascende a 200 millóns de pesos, e conta con catorce direccións territoriais e sucursais bancarias que lle permiten realiza-las súas operacións e atende-los novos investimentos que se realicen.

A través das súas dependencias internacionais ten relacións de correspondencia con máis de cincocentos bancos estranxeiros. Representacións en Madrid, Zurich (non está funcionando), Luanda, Cidade de México, HAVINT en Londres (subsidiario do BNC); e mantén relacións con bancos de Nova York (banco no que se atopan as contas cubanas conxeladas neste país).

O proceso de cambios económicos comezou en Cuba a finais dos anos 80, coñecido como "Proceso de rectificación de erros e tendencias negativas", e logo desenvólvese coa adopción e implantación gradual de medidas a partir de setembro de 1990 denominadas "Período especial en tempo de paz", derivadas da case desaparición das relacións comerciais cos países da Europa do leste e o agravamento do bloqueo norteamericano, que orixinou unha conxuntura moi desfavorable, só comparable coa que se pode presentar en calquera país en guerra.

Este proceso orixinou a que no decenio transcorrido entre 1984 e 1995 se iniciara un proceso de descentralización das funcións do Banco, principalmente nas

áreas comercial e de aforro persoal, coa consecuente aparición e/ou reestructuración de institucións bancarias con autonomía orgánica, personalidade xurídica e patrimonio propios, que son:

◆ **BANCO POPULAR DE AFORRO:** Este banco estatal, con cincocentas oficinas no territorio nacional, continúa coa súa función principal de actuar como banco de aforro e crédito para a poboación. Ofrece diversos servizos financeiros de aforro (fundamentalmente, apertura de contas) coas súas correspondentes regulacións. No tocante ó pagamento de réditos, as contas de aforro ordinarias producen xuros do 2% anual a partir dos 200 pesos, con base no promedio dos saldos mínimos trimestrais. Poden ser utilizados polos clientes a partir do primeiro trimestre do ano próximo.

◆ **BANCOS COMERCIAIS:** En Cuba existen dous bancos comerciais de tipo privado: o Banco Financeiro Internacional S.A. (BFI) e o Banco Internacional de Comercio S.A. (BICSA), realizando ámbolos dous as súas operacións baixo licenza do BNC, que son de grande importancia dentro do sistema bancario dado que operan en moeda libremente convertible, estando as súas operacións fundamentalmente encamiñadas ó comercio exterior, podendo captar algúns créditos frescos a través das súas operacións.

- O **BFI** ten carácter autónomo, personalidade xurídica independente e patrimonio propio. As principais operacións que realiza son xiros e cheques de banco, cheques de viaxe, servizo de información, transferencias, cobramentos, créditos documentarios e cartas de garantías, entre outros. Foi gañando en experiencia e conta actualmente con sete sucursais no exterior e unha en Varadero. O seu capital é da orde dos 5 millóns de dólares USA.
- O **BICSA** foi creado en outubro de 1993, comezando a operar en xaneiro de 1994. Ten como obxectivo subministrar un amplo abano de servizos ós negociantes, institucións individuais e do sector público. É similar ó BFI en canto ás características e operacións que realiza. Entre as principais actividades inclúe o comercio nacional e estranxeiro, sendo as principais transaccións as contas de depósitos, préstamos e desconto de billetes, intercambio e transferencia de moeda estranxeira. Subministra servizos financeiros e contas correntes a nacionais. O BICSA subdivídese en varias xerencias, sendo as principais:

A) O *mercado internacional*, na que traballan os *dealers* que se dedican a definir a posición diaria do banco respecto ós demais bancos (ten correspondentes en trinta bancos estranxeiros) e a fixa-las necesidades do banco. Traballan con *data spot* e as operacións que realizan son: a) *compra-venda de moedas*, para cadra-la posición das moedas, non realizando operacións no mercado secundario; b) *operacións de depósitos*, existindo actualmente depósitos en vinte-vintecinco bancos sendo de diferentes tipos (*over night o/n*,

tomorrow next t/n, spot next s/n e outros); c) *renovacións de depósitos*, operacións comerciais que realiza con distintos instrumentos de pagamento, como a carta de crédito (préstamos a clientes); cobramento documentario (custodia de documentos baixo determinadas condicións que poden ser contra pagamento ou contra aceptación mediante letra de cambio); cobramentos simples a través de letras de pagamento; contas correntes e caixa (dedicándose á atención ó público) e contabilidade.

- B) *As oficinas de representacións estranxeiras*: Dende 1984 a lexislación cubana inclúe a posibilidade de establecer oficinas de representacións de bancos estranxeiros co obxectivo de desenvolver actividades de xestión e coordinación de negocios entre o banco representante e os bancos do sistema bancario nacional ou outras entidades nacionais, sen que por iso se permita que esas representacións realicen operacións bancarias de forma directa no territorio nacional. Non obstante, este aspecto está en proceso de estudio co propósito de axustalo ás necesidades do proceso de reforma económica que se leva a cabo no país. As oficinas autorizadas actualmente a operar en Cuba son: a) O ING Netherland Caribbean Bank: O 5 de agosto de 1994 créase unha oficina de representación de dous bancos holandeses: o ING Bank, que é o segundo banco máis importante do seu país e un dos principais de Europa occidental, pertencendo ó grupo financeiro máis forte de Holanda que inclúe bancos e seguros e conta con representación en 44 países; e o Netherland Caribbean Bank, que é un banco con participación do ING Bank e dunha compañía de navegación cubana chamada ACEMEX rexistrada en Liechtenstein, e que foi creado en Curazao. O ING Bank é un banco moi activo nos novos mercados, que deu facilidades de créditos a Cuba, fundamentalmente para as industrias niquelífera e azucreira. Ten unha dobre orientación na súa actividade dentro de Cuba: cara a Cuba e cara ó transporte marítimo. Dadas as limitacións que como oficina de representación ten para a súa actividade bancaria, no noso país dedícase a identificar intereses de clientes para establecer relacións de negocios e facilítalles ás entidades cubanas os vínculos con ese banco; b) O Netherlands Caribbean Bank nv; c) O Havana International Bank Ltd.: banco comercial inglés con capital cubano; d) O Banco Exterior de España; e) O National Bank of Canadá; f) O Fransabank SAL (Líbano); g) O Banco Bilbao-Vizcaya (España); h) O Banco Exterior de México (México); i) O Banco Central Hispano (España); j) A Société Générale (Francia); k) O Sabadel (España).

ESTADO DA REESTRUCTURACIÓN DO SISTEMA BANCARIO NO ANO 1996

Na actualidade, o proceso de descentralización na xestión económica, o comercio exterior e a apertura ó investimento estranxeiro, demandaron reestructurar e

reordena-lo sistema bancario nacional como parte integral do axuste económico do país, creando asociacións económicas no sector financeiro como complemento necesario ós requirimentos deste sector, no que os bancos cubanos deben desenvolver un papel moito máis activo na promoción do desenvolvemento á par do establecemento dunha clara diferenciación entre a actividade da banca central e a da banca comercial.

A finais de 1995, o Banco Nacional de Cuba, como novo banco central resultado deste proceso, ten tres funcións fundamentais: como autoridade monetaria velará pola estabilidade da moeda nacional; como órgano rector do sistema bancario nacional supervisará as entidades pertencentes ó banco; como instrumento do Estado formulará propostas e materializará a súa política económica, fundamentalmente no tocante á política monetaria e á súa relación co conxunto da economía nacional, e brindarlle asesoría á dirección do país nos asuntos de carácter macroeconómicos e financeiros internacionais de interese.

En consecuencia creouse un Banco Agro-Industrial e de Comercio que asume as funcións comerciais que realizaba o Banco Nacional de Cuba, así como a súa rede de duascenas oficinas bancarias en todo o país. Está capacitado para realizar en termos comerciais todo tipo de operacións bancarias co obxectivo de financiar as actividades comerciais e productivas do país.

O Banco Popular de Aforro segue concentrando os seus esforzos na captación do aforro nacional e o outorgamento de créditos á poboación, pero ademais comezará gradualmente a realizar todo tipo de operacións bancarias, estando facultado para conceder financiamento a empresas e entidades en termos comerciais a curto, medio e longo prazo, o que propiciará un vínculo máis directo entre aforro e crédito bancario.

Nestes momentos a reestructuración do sistema bancario cubano inclúe, ademais, o fomento dun grupo de entidades que operen como entidades non estatais, estando prevista a súa aprobación lexislativa na primeira sesión do Parlamento nacional do ano 1996 o terse discutido xa na Audiencia da Comisión de Asuntos Económicos do Parlamento os días 18 e 19 de abril deste ano.

Ámbalas dúas entidades, segundo se recolle no *Informe económico 1994* do Banco Nacional de Cuba (agosto de 1995, pp. 28-29), terán as seguintes características:

- A Entidade Financeira Nacional (FINSA), recentemente creada para realizar actividades financeiras de carácter non bancario, segundo as prácticas máis modernas, as cales contribuirán a facer máis eficiente o financiamento, fundamentalmente a curto prazo, ás empresas radicadas en Cuba.
- Casas de Cambio, S.A. (CADECA), que iniciou recentemente as súas operacións; a súa actividade consiste, polo momento, no cambio de divisas.
- Un Banco de Servicios, actualmente en proceso de creación a partir das funcións actuais do Banco Nacional de Cuba, para a atención a institucións nacionais, ó

corpo diplomático acreditado, así como ós estranxeiros residentes permanentes ou temporais no país.

- Crearase tamén un Banco de Investimentos, que terá como función principal fomenta-lo investimento en Cuba mediante a colocación de títulos/valores no mercado internacional de capitais, a través da creación de fondos de investimentos para operar no país e por tódalas demais vías que os mercados financeiros possibiliten e se consideren convenientes. Será unha entidade especializada en subministrar financiamento a medio e longo prazo e brindará asesoramento financeiro ás empresas nacionais ou estranxeiras radicadas en Cuba que o soliciten. Como parte das súas funcións este banco se especializará en operacións no mercado de derivados a nome propio ou a solicitude dos seus clientes.

COMPORTAMENTO DO TIPO DE CAMBIO

Para a correcta comprensión da entidade CADECA, S.A. é preciso aclarar que non é unha casa de cambios típica. A súa peculiaridade obedece á situación do país e ós antecedentes desta. Por iso cremos necesario facer un pouco de historia no tocante ó significado e ás causas específicas da súa creación, así como do comportamento do tipo de cambio existente en Cuba.

Cando triunfa a Revolución (xaneiro de 1959), o tipo de cambio oficial do peso cubano era 1 peso = 1 dólar USA. A práctica da economía doméstica igualáboas como medio de pagamento na circulación monetaria, a partir da gran dependencia que existía con respecto ós Estados Unidos.

As medidas económicas adoptadas polo goberno revolucionario, así como a actitude asumida antes e despois polos EE.UU., a OEA e o FMI, entre outros, que se sintetiza no bloqueo económico que, aínda que comeza antes, se oficializa en 1962, conduciron a que a economía cubana se vinculara case unicamente cos países do bloque socialista, integrándose logo no Consello de Axuda Mutua Económica, que regulaba as súas relacións económicas e financeiras internacionais, polo que Cuba se desvincula do sistema monetario internacional vixente, tendo como resultado a invariabilidade dese tipo de cambio ó longo de trinta e seis anos, feito que non incidiu nese momento no transcurso normal da economía interna porque a política económica seguida non consideraba o tipo de cambio como un dos seus instrumentos.

A desaparición da área socialista europea e o endurecemento do bloqueo norteamericano orixinan a partir de 1990, como xa explicamos, a creación dunha serie de medidas que inclúen a estratexia para mante-la economía e sobrevivir nas novas circunstancias, creando as premisas para retoma-lo camiño do desenvolvemento económico. Esa estratexia recolle medidas cuns efectos que abranguen tódalas esferas da economía nacional.

Referirémonos a aquelas medidas que máis influíron na circulación monetaria e, polo tanto, na creación de CADECA, S.A. (Para unha análise un pouco máis

fonda de tódalas medidas e cambios na política económica de Cuba, recomendo consulta-lo artigo de F. García e A.L. Domínguez (1995)). As principais medidas en orde cronolóxica (Banco Nacional de Cuba, 1995, pp. 30-32) son:

- 1) A lexislación vixente hai máis dunha década (Decreto-lei 50) xa prevía a posibilidade do investimento estranxeiro. A finais dos anos 80 intensifícase este tipo de xestións e acordos e, debido ó auxe alcanzado (en maio de 1995 a contribución financeira externa subscrita a través da asociación con capital estranxeiro alcanzou a cifra de 2.100 millóns de USD, con 212 acordos funcionando e 290 en proceso de negociación), en setembro de 1995 apróbase a Lei 77 sobre o investimento estranxeiro que flexibiliza e dá vantaxes adicionais á participación do exterior no desenvolvemento económico do país.
- 2) En 1993 decídese a despenalización da posesión de divisas e a libre circulación no país das moedas estranxeiras, facilitando o seu uso por parte de cidadáns cubanos, remesas e envíos de divisas dende o exterior, etc., para a adquisición de bens e servizos no mercado que utiliza como medio de pagamento esas divisas, existente no país. En consecuencia, existe en Cuba un dobre sistema monetario que, nunha contorna de fonda crise económica caracterizada pola insuficiente oferta de bens e servizos á poboación (que foi moito máis fonda naqueles que se pagan con moeda cubana), déficit da balanza de pagamentos, aplicación da Lei Helms Burton por parte do goberno dos EE.UU., entre outras, propuxo a decisión dun eventual axuste da taxa de cambio oficial.
- 3) Nese mesmo ano creáronse as Unidades Básicas de Producción Cooperativas (UBPC) para incentiva-los produtores e lograr incrementos de produtividade no sector agropecuario, mediante a entrega polo Estado, en usufructo por tempo indefinido, de terras que antes pertencían ó sector estatal. Esta medida significou un cambio da administración estatal dos recursos, a xestión e o resultado productivo. Execútanse programas específicos para reduci-la falta de rendibilidade ou incrementa-la rendibilidade deste tipo de empresas, que en decembro de 1994 abranguían o 48% da superficie agrícola do país cun total de 2.808 empresas.
- 4) A finais de 1993 a lexislación para o exercicio do traballo por conta propia incrementa a autorización deste en máis dun cento de ocupacións e oficios. Isto permitiu a xestión individual para a obtención de ingresos persoais a través do traballo, dada a diminución de ocupados por peche total ou parcial de entidades productivas, e permitindo tamén a ampliación da oferta de servizos á poboación. Estes traballadores por conta propia venden a prezos regulados pola actual correlación oferta-demanda o mesmo en dólares USA que en pesos cubanos ó tipo de cambio que establece o mercado e non ó oficial. En xullo de 1995 xa sumaban 190.000 as persoas dedicadas a este tipo de traballo.
- 5) En 1994 o Parlamento aproba medidas de diversa índole, entre as que destacan as de *carácter fiscal e de prezos*, encamiñadas a reduci-la circulación monetaria,

en especial do efectivo, (diminuíu entre 1993 e 1994 nun 10%) e a drástica diminución nun 72% do déficit fiscal (eliminación dunha gran parte dos subsidios por perdas en empresas e por diferencias entre prezos, incremento nos prezos de venda de produtos non esenciais, aumento das tarifas eléctricas, de servizo de acueducto, rede de sumidoiros, comunicacións, transporte, cobramento de servizos antes gratuítos, etc.). *Aprobouse unha nova lei tributaria* que creou novas formas de tributación e incrementou os impostos xa existentes, que eran insuficientes; por exemplo, non rexía o IVE nin o IRPF, entre outros. *Aplicación dunha política crediticia máis restrictiva* para eliminar gradualmente o exceso de liquidez empresarial, restablece-la disciplina de pagamentos, selectividade no mínimo requirido para outorgar subsidios, así como racionaliza-las condicións de crédito e lograr facer efectivo o seu reembolso.

Outra das medidas aprobadas foi a creación do Mercado Agropecuario e Artesanal, en outubro de 1994, que permite vincular directamente ós produtores privados, cooperativos e algúns estatais cos consumidores a través da libre concertación de prezos segundo a oferta e a demanda e estimular significativamente a produción en importantes sectores. En xuño de 1995 as vendas realizadas totalizaban 1.295,7 millóns de pesos, dos que un 80% por produtores privados, un 8% por cooperativas e un 12% por empresas estatais. Esta medida contribuíu sensiblemente a diminuí-lo mercado negro en produtos de primeira necesidade para a poboación, así como os prezos que neste operan.

Así mesmo, destaca a reorganización dos organismos da administración central do Estado, o desenvolvemento de relacións comerciais con outros países, a descentralización do comercio exterior, a aplicación de diversas formas de estimulación á produción e servizos en actividades paralelas.

Tódolos cambios se foron introducindo de acordo coa conveniencia xeral para a vida económica do país, posibilidades e expectativas dos seus resultados, sen descoidar que os efectos sobre a poboación impliquen cambios drásticos na política social seguida ata o momento. Búscase que a continuidade do proceso de transformacións sexa a expresión dunha estratexia de desenvolvemento íntegra e coherente que de forma orgánica e gradual asimile os cambios necesarios para a xestión económica nas novas condicións e características do país.

Esta busca de integridade, coherencia e organización, esixe o axuste do sistema monetario e, dentro del, a problemática da dobre circulación e un tipo de cambio oficial entre ámbalas dúas moedas que non se corresponde coa realidade. A imposibilidade obxectiva nestes momentos de pasar á libre convertibilidade do peso cubano, pero inevitable no longo prazo, unida á existencia dun tipo de cambio que establecía o mercado negro e que, dada a súa anormalidade, era a expresión de fenómenos reais, pero tamén simplemente especulativos, resultando polo tanto un tipo de cambio distorsionado (chegou a supera-los 130 pesos por dólar USA), afectando negativamente á inmensa maioría da poboación, que recibe os seus ingresos

en pesos cubanos ó nivel da última reforma salarial que data de máis de vinte anos.

A resposta a estas esixencias foi, polo momento, a creación dunha entidade financeira (CADECA, neste caso) cunha función inicial de controla-lo tipo de cambio de mercado entre o peso e a divisa que circula libremente no país (tipo de cambio, polo tanto, oficioso internamente, pero non tipo de cambio oficial do peso cubano), incidindo en consencuencia no nivel dos prezos non estatais e, no longo prazo, coadxuvará á creación gradual das condicións para o paso a un tipo de cambio real no momento no que a economía nacional o permita, a partir da recuperación económica que xa comezou en 1994.

CONCLUSIONES

O sistema bancario cubano está integrado por un conxunto de institucións estatais e non estatais, tendo como centro rector o Banco Nacional de Cuba, organismo que foi creado en 1948 para desenvolve-las actividades propias dun banco central. As disposicións adoptadas tralo triunfo da Revolución e motivadas polo contorno político e económico modificaron estas funcións iniciais, asignándolle a dirección de tódalas institucións bancarias cubanas.

A evolución económico-financeira do país conduciu a que en 1984 se estableceran para ese banco funcións como banco comercial e de desenvolvemento, así como rector do sistema bancario nacional. Dende ese momento iníciase e desenvólvese un proceso de descentralización desas funcións, como resposta ós requirimentos do proceso de redimensión da economía cubana, xunto co proceso de investimento estranxeiro, que definiron a necesidade e a conveniencia dunha reestructuración e reordenación do sistema bancario nacional, onde os bancos desenvolverán un papel máis activo na promoción do desenvolvemento, diferenciando a actividade da banca central a da comercial. Dentro destes cambios, destaca tamén a política de acción sobre o tipo de cambio, na que a CADECA S.A. está desempeñando un rol central.

A historia do sistema bancario cubano é o reflexo da evolución da economía cubana e como tal a súa situación actual de reordenación e integridade constitúe o efecto pero tamén a condición necesaria dos cambios económicos que se están operando neste país.

BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ, E. (1995): "La apertura externa cubana", *Compendio de Investigaciones del INIE*, núm. 1, época II, pp. 109-137.
- BANCO NACIONAL DE CUBA (1984): *Legislación bancaria. Funciones y atribuciones. Informe económico*.
- CARANZA, J. (1995): "Los cambios económicos: Problemas y desafíos", *Revista Economía y Desarrollo*, núm. 1, pp. 16-32.

- COMITÉ ESTATAL DE ESTADÍSTICAS: *Anuario Estadístico de Cuba*, (varios años).
Cuba: Inversiones y negocios. La Habana: Conas, S.A., 1991.
Cuba: Inversiones y negocios. La Habana: Conas, S.A., 1994.
Gaceta Oficial de la República de Cuba, (23/12/95).
GARCÍA, F.; DOMÍNGUEZ, A.L. (1995): "Crise, política económica e reestructuración en Cuba"; *Revista Galega de Economía*, vol. 4, núm. 1-2, pp. 83-94.
GONZÁLEZ, A. (1995): "La economía cubana en 1994 y escenarios para 1995", *Compendio de Investigaciones del INIE*, núm. 1, época II, pp. 139-165.
LAGE, C.: *Discursos e intervenciones*, (1994-1996).
PÉREZ, O.; MARQUETTI, H. (1995): "Actualidad y tendencias de la economía", *Revista Economía y Desarrollo*, núm. 1, pp. 33-53.
REPÚBLICA DE CUBA: "Decreto-ley 63", *Gaceta Oficial de la República de Cuba*, (maio, 1983).
REPÚBLICA DE CUBA: "Decreto-ley 43", *Gaceta Oficial de la República de Cuba*, (outubro, 1984).
REPÚBLICA DE CUBA: "Decreto-ley 84", *Gaceta Oficial de la República de Cuba*.
REPÚBLICA DE CUBA: "Ley 77: La inversión extranjera", *Gaceta Oficial de la República de Cuba*, 1995.
REPÚBLICA DE CUBA: "Ley 13", *Gaceta Oficial de la República de Cuba*, 1950.
REPÚBLICA DE CUBA: "Ley 5", *Gaceta Oficial de la República de Cuba*, 1961.
REPÚBLICA DE CUBA: "Ley 963", *Gaceta Oficial de la República de Cuba*, (abril, 1966).
REPÚBLICA DE CUBA: "Ley 1.187", *Gaceta Oficial de la República de Cuba*, 1975.
REPÚBLICA DE CUBA: "Ley 1.188", *Gaceta Oficial de la República de Cuba*, 1975.
REPÚBLICA DE CUBA: "Ley 1.289", *Gaceta Oficial de la República de Cuba*, 1976.
REPÚBLICA DE CUBA: "Ley 1.323", *Gaceta Oficial de la República de Cuba*, (abril, 1983).
SOBERÓN, F.: *Discursos e intervenciones*, (1994-1995).